

UN TEXTO INÉDITO DE 1842 DE JUAN MANUEL PINTOS

Xosé Xove Ferreiro

Instituto da Lingua Galega

(Universidade de Santiago de Compostela)

1. O PRIMEIRO TEXTO COÑECIDO DE PINTOS

En Xove (1999) demos ao público o que denominamos “primeiro texto galego coñecido de Juan Manuel Pintos”. Tratábase dunha composición autógrafa asinada por “Juan Manuel Pintos. Cambados” e datada a 13 de marzo de 1843, que o autor dedicaba a Faustino Domínguez con motivo do seu casamento con Luísa Coumes Gai. Demos co texto, que se atopa no Códice 1052 do Arquivo Histórico Nacional (AHN), nunha rápida viaxe a Madrid que nos permitiu facer a súa copia para editalo como homenaxe ao noso compañeiro Camilo Flores¹. A pesar de advertir a importancia do material contido no Códice, foinos imposible examinalo a fondo nesa ocasión, de modo que solicitamos do Arquivo Histórico Nacional o envío do microfilme completo do Códice. Cando recibimos o microfilme e puidemos examinalo con coidado, o traballo referido no inicio (Xove 1999) estaba xa impreso, sen posibilidade de modificación.

Nese segundo encontro cos textos incluídos no Códice decatámonos da existencia doutra composición de JMP² de 1842, a aquí editada, que viña a ser aínda anterior á xa publicada como o seu “primeiro texto galego coñecido” e que nos pasara desapercibida no primeiro e apurado exame do Códice por non conter o nome do autor. Posteriormente volvemos a beneficiarnos do material reunido no Códice 1052 con motivo doutra homenaxe a unha colega da nosa Facultade de Filoloxía, nesta ocasión a profesora Dulce Estefanía Álvarez. O traballo, “Un testamento do galo de 1786”, partiu dun dos textos incluídos no Códice e foi publicado en 2004 en colaboración con Rosario Álvarez (Álvarez / Xove 2004). O texto de Pintos, en cambio, quedou relegado, coma outros, á agarda da ocasión propicia para volver a ocuparnos da súa obra.

Nos anos 2006 e 2008 o Consello da Cultura Galega publicou dúas obras de grande importancia para coñecermos o corpus dos nosos textos escritos e literarios. A primeira delas é unha edición e estudo de M.³ C. Ríos Panisse da *Obra poética dispersa de Xoán Manuel Pintos Villar* (Pintos 2006). A segunda son os *Papés d'emprenta condenada* (2008), que recolle a escrita galega entre 1797 e 1846. A ausencia en ambas deste texto descoñecido de Pintos de 1842 animounos a sacalo á luz agora, ás portas do segundo centenario do nacemento do pontevedrés (1811).

1 O nome do pontevedrés consta xa na portada do Códice como asinante dun texto: “Poesías varias en gallego y en castellano. Sólo hay dos firmadas: una, por Manuel Tunas, otra, por Juan Manuel Pintos”. Este dato encamiñounos directamente ao autógrafa de Pintos que axiña publicamos.

2 No adiante referímonos deste modo a Juan Manuel Pintos.

2. O CÓDICE 1052B

Como resulta obvio polo dito, este novo texto e o xa dado a coñecer non se atopan seguidos, un a continuación do outro, no Códice. Nas 41 follas de que consta, con algunhas en branco, reúne un total de 13 (grupos de) textos manuscritos de orixes diversas, como testemuñan as diferenzas de papel, o estado máis ou menos completo do material, a diversidade de caligrafías, de autorías ou procedencia e de datación (onde esta é identificable, vai desde finais do XVIII a 1864).

Tampouco a organización do material reunido é coherente. Comeza con dous textos en castelán: unha “Loa para la comedia que se ha de representar en aplauso feliz de las bodas del Sr. Don Agustín Muñoz de Salzedo con Miss^a Josepha Rossa Alvarez” e unha “Glosa a la letrilla de Santa Teresa de Jesús”, copiada do *Boletín Oficial Eclesiástico del Arzobispado de Santiago* (nº 94, 10/10/1864), fundado dous anos antes polo arcebispo M. García Cuesta. Seguen 15 coplas populares, dispostas en realidade con paxinación errada; son de procedencia varia e algunhas non incluídas na recompilación de Domingo Blanco (1992). A continuación recóllese unha anécdota sobre “la terquedad característica de los Portugueses”, con inclusión de 14 versos en portugués; esta parte, xunto cos dous textos iniciais mencionados, é a única que non contén textos en galego. O que vén a seguir (texto 5) é un poema en galego en 14 coplas octosílabas con rima consoante nos pares que comeza “Á luz do sol os teus ollos”; está dedicado ao nacemento dunha filla e carece de nome de autor e de datación³. Segue logo “Fragmentos de un poema gallego, manuscrito, páginas 5 y 6 de un folleto en 8º”, acompañado deste comentario final: “Sólo dos estrofas completas se hallan en la precedente copia, que abrazan un lindo apóstrofo a la naturaleza; aunque tiene defectos, es lástima no tener completa la oda”; polo tema, métrica e referencias ao río Landrove semella escrita por Nicomedes Pastor Díaz, se ben presenta trazos discordantes, como o uso de “ti” no canto do “tu” empregado polo vivariense. O texto seguinte, xa sacado á luz (Álvarez / Xove 2004), é un autógrado asinado por Manuel Tuñas, que en 1786 lle envía ao seu curmán Pedro Tuñas o “testamento do galo”. O texto 8 que vén a continuación é o obxecto do presente traballo; carente de título e de autor, é sen dúbida un autógrafo de Juan Manuel Pintos escrito en Cambados en novembro de 1842. A seguir vén, por duplicado, a popular “canción das (tres) comadres”, en aparencia o primeiro texto como copia do segundo, con variacións de pormenor. O que vén a ser o texto 10 está tamén parcialmente duplicado, pois o primeiro, que copia o segundo con variacións gráficas, interrómpese bruscamente no final da páxina, no verso 86 dos 174 que

3 Sospitamos que pode ser do propio Eugenio Reguera Pardiñas, a quen pertenceu este material, aínda que non sabemos de ningunha outra composición súa. A letra é sen dúbida da súa man, e cadrarían ben coa súa autoría a pouca altura literaria e mais os aspectos gráficos e lingüísticos relevantes que presenta: letras <g> e <j> para representar a consoante fricativa prepalatal xorda, trazos xeolectais, escollas léxicas, dominio da lingua deficiente. Eugenio casou con María de los Desamparados Malvar Taboada, que nacera en 1803 e era tres anos máis vella ca el. No Códice 1054 do AHN inclúese unha carta de Alberto Campero a Eugenio Reguera, datada en outubro de 1855, en que aquel manda “saludos a Desamparada y niñas”, a todas luces as súas fillas Bernardina e Josefa. Descoñecemos o ano en que naceron as fillas, mais tendo en conta que E. Reguera comezou a interesarse polo galego polo menos desde 1840 e tendo tamén en conta a idade dos pais, o nacemento da filla a quen se dedica o poema parece que non debería ser posterior á década de 1840.

forman o orixinal⁴; este orixinal, escrito a dúas columnas, é o autógrafo de marzo de 1843 de “Juan Manuel Pintos. Cambados”, como consta ao final, dedicado ao casamento de Faustino Domínguez con Luisa Coumes Gai e que xa foi publicado (Xove 1999). Segue, como texto 11, unha longa composición galega en verso que comeza “Amigo da minha alma”, da que non consta autor nin data. O penúltimo texto é a composición titulada “O Aldeano a un seu curmanciño que ja estudía pra abogado”, acompañada ao final da indicación de lugar, ano e autor: “Val-das-liñas a vinte de xaneiro de 1857. Jepe Reimundo”; foi publicado posteriormente en *El Album del Miño*, Vigo, 1858, 128-129. O último texto, que fai o nº 13, ten data e título de “Diciembre de 1852. Cuento de un Litigante gallego”⁵.

En definitiva, da importancia deste códice dá conta o feito de que, se deixamos fóra os textos en castelán (1º e 2º) e portugués (4º), e tamén os populares galegos (3º, 7º e 9º), resulta que cinco dos sete textos restantes eran anteriormente descoñecidos: os dous de Pintos (8º e 10º), “Fragmentos de un poema gallego” (6º), “Á luz do sol os teus ollos” (5º) e “Amigo da minha alma”. Todos cinco, con poucas dúbidas, se ubican antes de mediados do XIX, nun período de escasa presenza do galego escrito, en que cada novo texto é sempre ben recibido.

3. EUGENIO REGUERA E PARDIÑAS

O material reunido no Códice pertenceu sen dúbida a Eugenio Reguera Mondragón e Pardiñas Villardefrancos (Pontevedra 1806 / Santiago de Compostela 1866), persoa de relevancia social e política da época. Por parte de nai estaba emparentado coa familia Pardiñas Villardefrancos e polo seu casamento con Desamparada emparentou cos Malvar. Seu sogro era Julián Malvar Pinto, señor do pazo da Carballeira de Gandarón, na freguesía de San Martiño de Salcedo, nas aforas de Pontevedra; Julián Malvar tivo un papel destacado como tenente coronel na Guerra da Independencia (participou na batalla da Ponte San Paio e noutras máis) e foi tamén senador pola Coruña nas eleccións de 1837. Deputado moderado foi así mesmo o fillo de Julián Malvar e cuñado de Reguera, Bernardino Malvar Taboada⁶. Non sabemos de publicacións de Eugenio Reguera feitas en vida, pero hoxe contamos con dúas obras súas, unha de recolleita de léxico galego, a outra de carácter xeográfico-histórico. A primeira é a *Traducción* (1995), un vocabulario galego editado por Pensado sen nome de autor; este foi sen dúbida Eugenio Reguera, mencionado logo por Pensado na introdución, seguindo a indicación porporcionada por Ramón Villares (1995: 6). A outra son os *Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia*, editados por Clodio González Pérez cos nomes dos autores Juan Henríquez Ossorio, Eugenio Reguera Pardiñas e Alberto Campero.

Pola información que vén a seguir do título da *Traducción* (1995) sabemos que Reguera viviu en diversos lugares de Galicia: “Esta colección se empezó a formar en el

4 A copia é da man de Eugenio Reguera.

5 En relación cos textos galegos do “litigante” ou “preiteante”, vid. o dito en *Papés* (2008: 411 e ss.).

6 Sobre os Malvar, vid. Crespo Pozo 1856 e Crespo Pozo 1982/1983.

Pumariño hacia 1840, prosiguióse en Santiago en 1845, en 1846; La Coruña desde 1847 hasta 1854; en este año segunda vez en Santiago; en 1856 segunda vez en el Pumariño; en fines de este año, todo el de 1857 y la mitad del de 1858 en Lugo; tercera vez en Santiago.” Esta información confírmase e amplíase por outras noticias que puidemos ir xuntando a través de diversas fontes, en parte nos mesmos papeis que pasaron ao AHN. O “Pumariño”, onde comezou a recoller o léxico polo 1840, debe ser a súa casa da freguesía de San Pedro de Tomeza, próxima a Pontevedra. No ano anterior, 1839, exerceu como Secretario do Xefe Político de Castellón de la Plana, José Melchor Prat, pero deixou o posto en 1840 e regresou a Galicia.

En canto á Coruña, consta que xa residía alí polo ano 1846 e que nos anos 1846 e 1847 actuou como secretario do Gobernador da provincia (daquela “Xefe político”), o brigadier excarlista José Martínez Tenaquero, nomeado por Narváez. Ao día seguinte dos fusilamentos de Carral, isto é, o 27 de abril de 1846, Reguera asina como secretario a comunicación aos habitantes da provincia da Coruña de que “en la tarde de ayer fueron pasados por las armas en el pueblo de Carral, el comandante Solís, Velasco y diez prisioneros más de las clases de jefes y capitanes procedentes de los rebeldes cogidos en Santiago” (García Barros 1970: 268-269). A información “desde 1847 ata 1854” referida á Coruña non debe tomarse como residencia ininterrompida en dita cidade, máis ben como breves residencias en Galicia, pois consta que entre 1848 e 1854 foi Gobernador civil de Segovia. Como pode apreciarse, os seus cargos políticos estiveron ligados aos períodos do goberno moderado de Narváez, de modo que neste sentido os seus ascensos e descenso son os contrarios do progresista Pintos: cesa en 1840 coa chegada ao poder de Espartero, volve a gozar de cargo político no goberno de Narváez e volve cesar en 1854 durante o bienio progresista de 1854-56.

En canto a Lugo, foi neses anos 1856-58 mencionados na *Traducción* nos que estivo de Gobernador civil da provincia. Coa nova subida ao poder de Narváez foi nomeado Gobernador en outubro do 1856, cargo que ocupou ata xullo do 1858, en que cesa tras ocupar O'Donnell a Presidencia do Goberno.

A partir de 1858 residiu en efecto en Santiago, do que temos constancia polo menos para os anos 1859, 1863, 1864⁷.

Murguía, nas liñas que dedicou a Reguera, despois da súa morte, no *Almanaque de Galicia para uso de la Juventud elegante y de buen tono* de 1867, publicado en Lugo por Soto Freire, destacou o labor do pontevedrés na reunión de documentos relacionados con Galicia e tamén a súa colaboración na truncada *Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia* (1849) de Leopoldo Martínez Padín: “Jamás negó su óbolo a la más insignificante empresa literaria de Galicia, y entre sus papeles debió dejar tesoros para la historia de este anti-

7 En relación con isto debemos mencionar que a datación “(1840-1858)” que segue ao título da *Traducción* (1995) é obra do editor, non está na folla orixinal. A datación é errónea no final, debido a que Pensado se queda co último ano mencionado (Lugo, 1858), e descoida a información de que a recolleita de materiais proseguíu logo en Santiago. Neste caso Reguera non menciona anos, pero non semella moi arriscado supoñer que debeu seguir acumulando datos case ata a súa morte, ocorrida en 1866.

quísimo Reino, documentos importantes, hojas y papeles sueltos, notas y curiosidades, que tanto echa de menos en nuestro país el que se dedica al estudio de su desconocido pasado. Martínez Padín mereció de su liberalidad la primicia de los importantes manuscritos recogidos en época en que eran más fáciles esta clase de adquisiciones. De la pérdida ocasionada por la muerte de aquel malogrado escritor [1850] jamás se consoló, y con justicia, pues él fue quien escribió la parte descriptiva de nuestro país que aparece extractada en la *Historia de Galicia*, de Padín; él quien más aliento y ayuda material prestó a este escritor para llevar a cabo su empresa.” (Couceiro Freijomil 1953: s. v. Reguera y Pardiñas, Eugenio).

Fruto do labor recompilador mencionado por Murguía son os seis Códices depositados no AHN (1049, 1050, 1051, 1052, 1053 e 1054), que recollen, de xeito bastante desorganizado, material manuscrito reunido por Reguera. Son tanto orixinais coma copias da súa man e doutros copistas, relacionados maioritariamente con Galicia, con intereses diversos: xeografía, agricultura e gandaría, industria, mundo natural, historia eclesiástica, lingua e literatura... O Códice 1049 está dedicado sobre todo a Cornide, pero tamén a Sarmiento, presente así mesmo no Códice 1053. A *Traducción* (1995) procede do Códice 1051, onde hai outros papeis importantes sobre xeografía, agricultura e historia natural de Galicia; os *Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia* están tomados do Códice 1054, que inclúe tamén datos sobre outras cidades e vilas galegas.

Aínda que pontevedrés coma Pintos e só uns anos máis vello, non é seguro que os autógrafos de JMP do Códice 1052 procedan directamente do autor, aínda que se cadra non é aventurado supoñer que ambos puideron entrar en contacto en Pontevedra nos anos 40, irmandados ademais polo común aprezo polo Padre Sarmiento. As respectivas vidas, un na Coruña e logo Segovia, o outro en Pontevedra, distanciaríanos posteriormente. Explicaríase así que obrasen no poder de Reguera só estes primeiros textos autógrafos de Pintos, en principio prestados para copiar, como testemuña o traslado interrompido do texto de 1843⁸. Por unha carta de Luís Rodríguez Seoane, conservada tamén no AHN, sabemos que Reguera coñeceu e posuíu outras composicións impresas de JMP.

4. EDICIÓN DO TEXTO

O texto de Pintos, sen dúbida autógrafo seu, vai sen título e sen nome de autor (ver reprodución facsimilar en apéndice). Está escrito a dúas columnas e ocupa as pp. 15r/v -16r/v do C 1052. Editámolo a continuación actualizado, mais só cos cambios imprescindibles gráficos, de acentuación e puntuación. En calquera caso, tanto os aspectos gráficos e acentuais modificados coma os inalterados son despois obxecto de comentario completo, con vistas a recompoñer, de maneira organizada, os trazos particulares do texto orixinal, que en xeral tenden a estar faltos de uniformidade e coherencia no relativo á grafía.

8 En calquera caso, chama a atención que Pintos non o mencione entre os máis de 250 galegos ilustres do seu “Recremo”, pois non parece probable que sexa o aludido polo segundo apelido no “Pardiñas” do verso 372 (Pintos 2006: 401).

- Meu querido Pai:
 Non s'asañe, prego,
 s'esta carta escribo
 posta nestes versos,
 5 nin tome cabuxo
 s'o castellán deixo
 por falar na fala
 dos nosos galegos,
 qu'inda nela podó,
 10 sin poñer un erro,
 espricar ben craro
 tod'os meus conceutos.
 Pois Señor verá:
 neste día mesmo,
 15 día dezasete
 do mes de Novembro,
 mes de S. Martiño,
 mes de Iacoeiros,
 eu fun ó mercado
 20 que se fai arreo
 todas as semanas
 no viciño pueblo
 que de Fefiñáns
 ten o nome vello.
 25 Alí venden millo,
 trigo e mais centeo,
 fabas e castañas,
 roupa e trapos vellos;
 tamén venden louza
 30 de cor branco e preto.
 Hai tendas do chan
 e tamén cubertos
 con cousas do uso,
 todas a bon prezo.
 35 Hai forza de panos,
 porcos e carneiros,
 liño, pan, pescado,
 cravos e prateiros.
- mais non é mellor
 40 nin é tan bo, creo,
 como o que se fai
 na ciudá de Teucro
 os sábados todos,
 que dá gusto velo.
 45 Alí dei tres voltas,
 como de recreo.
 Axiña o deixei,
 voltei para o eido,
 porque me doían
 50 prendas que ben quero.
 Púxenme ó traballo
 que decote teño
 de oír preiteantes
 e fallar os preitos.
 55 Polas tres da tarde
 xantei a desexo
 coa miña muller,
 Aurora e a nena,
 que tiña a nai
 60 garimada ó peito,
 anque con traballo,
 no ar en suspenso,
 porque tiña a probe
 o regazo cheo.
 65 Xa me daba o corpo
 algún gran suceso
 vendo tan inchado
 corpo tan pequeno.
 Con todo, saín
 70 a dar un paseo,
 volvendo á tardiña
 con algún receo.
 Todo estaba aínda
 como dito deixo,
 75 sin que Serafina
 dese sinal certo.

Foi pasando a noite,
 ceamos contentos,
 fumos a dormire
 80 cada un ó seu leito.
 Xa estaba eu de volta,
 no sono prendendo,
 cand'ela me chama,
 berro tras de berro.
 85 Nunca Dios me dera,
 que chegache a tempo!
 Poño os pés no chan,
 ós demais desperto,
 todo se prepara
 90 para aquel concerto,
 que escribir non basta,
 e é preciso velo
 para calculare
 o qu'ás nais debemos;
 95 e máis aínda máis,
 para que esto vendo
 ás nosas mulleres
 subamos de prezo,
 que é muito traballo
 100 e dor mui doente
 botar a este mundo
 un miniño inteiro.
 Com'elas s'estrican,
 como se escrequenan,
 105 como dan xemidos,
 choros e lamentos,
 como a cor do rostro
 toda van perdendo,
 é agre bocado
 110 qu'a calquer pon medo.
 Ás doce da noite
 deste día mesmo,

miña Serafina,
 en ben pouco tempo,
 115 botou a este mundo
 un rapaz ben feito,
 todo feito lume,
 de color vermello.
 Ancha testa e chea,
 120 a papada o mesmo,
 brincándolle os ollos
 e narices rexios.
 Alegrouse a nai,
 eu non poden menos,
 125 dimos a Dios gracias
 por tan bon suceso.
 D'aquí a poucos días
 que se erguerá creo,
 pois non é de casta
 130 de mixiriqueiros.
 Solo falta agora
 batear ó neno,
 e levará o nome
 do avó paterno
 135 para qu'o pai quede
 ben posto no medio
 destes dous Basilios
 que son seu recreo.
 Nada máis lle digo,
 140 saúde desexo
 e que muitos anos
 vexa este seu neto,
 nado en Cambados
 nunha carta feira
 145 no ano de Cristo
 mil e oito centos
 mais corenta e dous,
 en tempo d'inverno.

5. CARACTERÍSTICAS GRÁFICAS E MODIFICACIÓNS DESTA EDICIÓN

Examinamos a continuación as características gráficas do texto orixinal e advertimos das modificacións introducidas nesta edición; as mudanzas consisten en boa parte en regularizacións de escollos non uniformes de JMP. O número que segue ás palabras, citadas segundo o orixinal autógrafo, remite ao verso en que se inclúen; se non hai nada que indique o contrario, os datos mencionados en cada apartado son tódolos do texto.

- 1) No autógrafo hai palabras que á vista aparecen graficamente unidas con outras sen razón aparente: *nafala* 7, *oque* 41, *oeido* 48, *Nosono* 82... Separamos as palabras en todos estes casos segundo o uso actual; unimos, en cambio, *de cote* 52.
- 2) Respectamos as maiúsculas *Pai* 1 e *Señor* 13, como sinal de tratamento respectuoso de JMP ao seu proxenitor, e pasamos a maiúscula o nome da súa esposa *serafina* 75 (escrita como *Serafina* no verso 113). Poñemos en minúscula, en cambio, *Pai* 135, agora referido ao propio JMP, e tamén *Ciuda* 42. O autor escribe con maiúscula tódolos inicios de verso: cando a puntuación non o impide, na nosa edición van todos con minúscula.
- 3) Regularizamos a acentuación das palabras segundo os criterios actuais, incluída a das letras maiúsculas; Pintos usa pouco, en xeral, o acento gráfico, e cando o usa non é congruente:
 - a) Non aparece en palabras agudas que hoxe o levan (*vera* 13, *Ciuda* 42, *erguera* 128, *levara* 133, *Ali* 25, *Ali* 45, *D'aqui* 127, *castellan* 6, *Tamen* 29, *tamen* 32, *Algun* 66, *algun* 72, *Fefiñans* 23), e tampouco nas esdrúxulas (*sabados* 43, *Puxenme* 51, *Brincandolle* 121). Nos hiatos hai acento agudo e grave (*Saúde* 140, *doian* 49), pero é minoritario (*dia* 14, 15, 112, *dias* 127, *ainda* 73, *oir* 53); en *sahin* 69 o *h* intercalado podería obedecer ao recordo do -L- latino perdido, visto que só aparece como antihíatico neste verbo⁹.
 - b) Caso á parte é o de *recèo* 72, en que o acento grave semella marcar abertura da vogal media. É a única palabra deste tipo, pois tódalas demais palabras con final -eo, con <e> pechado, van sen ningún acento (*creo*, *centeo*, *cheo*...). Por outro lado, tamén aparecen sen acento gráfico ningún as máis palabras graves con <e> aberto (*prego*, *versos*...) ¹⁰.
 - c) Nalgunhas palabras emprega o circunflexo para marcar crase de vogais: *âr* 62, *bô* 40, *côr* 30 e 107, *avô* 134. É plausible que o acento estea tamén relacionado co timbre pechado do <o>, como na súa grafía minoritaria do art. (S'ô 6, ô 24), mais isto non é aplicable a *âr* 62 e menos á grafía *ê* 99 do verbo *ser*; por

⁹ Pintos manterá esta grafía do verbo; na *Gaita* tódalas ocorrencias recollidas (17v) están grafadas deste xeito. No *Coloquio* hai un par de exemplos con -h-, pero o verbo está escrito sen esta letra 4v.

¹⁰ Na *Gaita* lese *recca*, *arreceo*. *Recèo* podería deberse a Sarmiento, que no *Coloquio* escribe *recèo*, *arrecèo*, aínda que tamén *rezèo*.

outro lado, no mesmo texto escribe tamén *bon* 34 e *bom* 126, sen acento¹¹. Cómpre sinalar, ademais, que tamén escribe *dor* 100 e *pes* 87, a pesar da crase. Na edición eliminamos o circunflexo e puxemos acento diacrítico a *pes* 87 e *da* 44.

- 4) O artigo feminino (ou o pronome persoal) <a> coincide graficamente coa prep. <a>, que JMP, coma hoxe, deixa sistematicamente sen acentuar neste texto, tanto se é artigo (7v) coma se é preposición (10v). A contracción de ambas aparece unha soa vez, acentuada: *á* 71. No plural, escribe o artigo como *as* 21, pero tamén a contracción: *qu'as* 94; hai outras dúas ocorrencias da contracción sen acento, pero van con maiúscula no inicio de verso: *As* 97, 111.

O artigo masculino singular está escrito 8v sen acento (41, 48, 64, 65, 94, 120, 133, 135), nalgunhas delas unido á palabra seguinte (41, 48, 120) ou en elisión (*qu'o* 135). Pero por dúas veces leva circunflexo: *S'ô* 6, *ô* 24, o cal, seguindo a Sarmiento, parece deberse ao carácter pechado do <o>. Non é lectura clara, en cambio, a grafía *Axiña ó* 47, para o persoal, en si tamén vogal pechada, aínda que do contacto co <a> anterior resulte unha crase con <o> aberto. Os plurais do artigo figuran sen acento as 5v (12, 43, 54, 87, 121). Fronte á ausencia xeral de marca no artigo, as contraccións están todas marcadas dalgún modo: con acento agudo *ó* 51, co grave *ò* 19 e *Ôs* 88, e como *ao* dúas veces, nos versos 60 e 80; seguindo esta práctica xeral de JMP, en *Batear ò neno* 132 entendemos que <ò> tamén é contracción, aínda que en principio podería ser un complemento directo sen preposición. Tendo en conta que <ao> aparece dúas veces, e o dobre a contracción como <o>, na edición resolvemos uniformar nas seis ocasións en *ó(s)*.

- 5) Outro dos problemas gráficos habituais ten que ver con <e> conxunción ou verbo; dado que en galego a vogal é aberta nos dous casos, a distinción gráfica afecta só á tonicidade. Pintos escribe a conxunción sen acento (18v) e mantén esta grafía cando segue vogal (3v das 18: *e a* 58, *E é* 92, *e oito* 146), pero nunha ocasión pon *é carneiros* 36. A forma verbal, JMP diferénciava a conxunción, pero vacila moito na grafía: usa acento grave (*è* 92, 129), circunflexo (*ê* 99) e <h> inicial. Este aparece en dous versos sucesivos tras *non* e *nin*: *non he* 39, *nin he* 40, pero tamén escribe *è* tras *non* (*non è* 192). A sexta ocorrencia do verbo está con maiúscula, sen acento, no inicio dun verso: *E agre* 109.
- 6) Pintos usa o apóstrofo case sempre para marcar elisións da vogal final dunha palabra en contacto con outra vogal inicial da palabra seguinte.
- a) Cando ocorre nas contraccións que actualmente escribimos como compostos gráficos, eliminamos o apóstrofo: *D'o* 134, *D'este* 112, *D'estes* 137, *N'este* 14,

11 En *avô* 134 o circunflexo está sobre un <o> que é pechado, a xulgar pola diferenza *avó* (m.) / *avô* (f.) que establece na *Gaita* (Pintos 1853: 76). Sarmiento propugnaba o circunflexo se as vogais eran pechadas e o agudo se eran abertas, coma en portugués actual, pero Pintos á fin prefere os acentos agudo e grave, respectivamente, segundo a doutrina exposta na Foliada 3ª da *Gaita*: "Abre el acento grave las vocales / Y las cierra el agudo en ellas puesto" (Pintos 1853: 69). Na *Gaita* rexístranse *bisabós* (p. 20), *avós* 52, 153, pero tamén *avós* (p. 36). En calquera caso, Sarmiento, que no *Coloquio* escribe tamén *bô*, *côr*, *avô*, pode ser a fonte destas grafías.

C'o a 57. O primeiro caso (*D'o 134*) é excepcional, pois nas outras sete ocasións prescinde do apóstrofo: *da 55, 111, do 31, 33, 107, Do 16, Dos 8*. En cambio, *D'este, D'estes* son os únicos exemplos do seu tipo. Coa prep. *en* escribe *N'este 14*, pero tamén *nestes 4, nela 9*, e o mesmo ocorre sempre que a esta preposición segue o artigo determinado (7v: *22, 42, 62, 82, 87, 136, 145*) e o indeterminado (*Numha 144*). Por outro lado, tamén escribe de maneira conxunta *Polas 55, velo 44, 92*. O caso de *C'o a 57* é único; a pesar do espazo de separación, a métrica indica que <coa> é de pronuncia monosilábica no texto.

- b) Mantivemos o apóstrofo, en cambio, nas restantes veces en que JMP o usa. Son, sobre todo, casos de elisión do <e> final das palabras gramaticais en que máis a miúdo ocorre en galego esta perda do <e> ante outra vogal inicial de palabra (*de, que, se* pron. ou conx.): *D'aquí 127, d'inverno 148* (pero *De oír 53*); *qu'as 94* (= *que ás*), *Qu'a 110, Qu'inda 9, qu'o 135* (pero *Que escribir 91, que esto 96, Que ê 99*); *s'azañe 2* (pronome), *s'estrican 103* (pronome), *S'esta 3* (conx.), *S'ô 6* (conx.), pero: *se escrequenan 104* (pronome), *se erguera 128* (pronome).

Hai outras tres ocasións en que JMP usa o apóstrofo; en dúas, sinala elisión dun -o final: *Cand'ela 83, Com'elas 103* (pero *Como o 41, Como a 107*). O terceiro, *Tod'os 12*, corresponde a un tipo de pronuncia particular da secuencia *tódolos*, pois parte de *todo + os*, con pronuncia aberta do <o> resultante, como é xeral no singular do tipo *todo o mundo*; é esta unha pronuncia que Pintos reflicte de maneira habitual noutros textos, mesmo ampliada ao feminino, que, pola contra, neste texto aparece como *Todas as 21*¹².

- c) Se se examinan os versos do poema observarase que para que a medida hexasilábica se manteña é precisa unha lectura que faga de maneira sistemática non só as elisións e contraccións que son habituais no galego pronunciado de xeito natural, senón tamén sinalefas que na nosa lingua resultan forzadas e estrañas. Neste sentido, os apóstrofos que Pintos escribe só marcan algunhas das elisións e contraccións que realmente hai que facer ao ler o texto.
- 7) Na edición fixemos tamén algunhas mudanzas relativas a grafías, algunhas sen maior relevancia, como no caso de <b, v> ou <h>.
- a) No texto aparece *traballo 51, 61*, pero logo *travallo 99*, que uniformamos con ; tamén pasamos a os *verro* do verso 84 (2v), e a <v> *bermello 118*. Retiramos o <h> non só do verbo *he* (39, 40) e de *sahin* (69), como xa comentamos, senón tamén da forma *hum* (80, 102, 116), á que logo nos referimos en relación co -m. En cambio, JMP escribe sempre o ditongo final decrecente con <i>, de modo que neste sentido non hai cambios (*dei 45, Foi 77, Hai 31, 35...*).

12 Como mostra para o masculino, lemos na mesma p.4 da *Gaita A tod'os animales e E todo los peiros*; e como exemplo de forma reducida do feminino valla *tod'as romerías* (p. 23).

- b) Maior importancia teñen as graffas orixinarias de *azañe 2*, *visiño 22* e *narizes 122*, acomodadas nesta edición á norma actual (*asañe*, *visiño*, *narices*). Pintos, de acordo coa súa fala nativa pontevedresa, seseaba, e disto hai probas na súa produción, de modo que se se quere pronunciar con fidelidade a súa escrita hai que facelo con seseo. Esta pronuncia del fai que ás veces non atine coa grafía correcta, como acontece en *azañe*, *visiño* e probablemente *narizes*.
- c) Seguindo a Sarmiento, Pintos defendía escribir o noso son fricativo palatal xordo como <x>, <j> ou <g>, de acordo coa etimoloxía. Claro que esta doutrina tan nidia era errática na súa práctica. Nesta composición todo está escrito con <x>, mesmo palabras que claramente debían ser con <g> ou <j>, e que el emprega noutros escritos: *Axiña 47*, *Xa 65*, *81*, *xantei 56*... No texto só fan excepción ao uso xeral do <x> as palabras *gemidos (105)* e *regios (122)*, que por seren casos esporádicos pasamos tamén a <x>.
- d) De modo xeral, JMP escribe como <n> a nasal que ocupa a posición final de palabra, pero nalgúns monosílabos opta polo <m>, de acordo tamén nisto cos usos de Sarmiento. Trátase das palabras *bem (11, 50, 114, 116 e 136)*, *tem (24)*, *hum (80, 102, 116)* e *bom (126)*, que na nosa edición uniformamos con -n. *Bem* e *tem* só presentan esta grafía, pero ao lado de *hum (3v)* escribe *un (10, 70)*, e *bom (1v)* alterna con *bon (34)*. Nas demais palabras, monosílabos ou non, escribe sempre -n: *algun (2v)*, *tamen (2v)*, *venden (1v)*, *en (4v)*, *con (4v)*, *non (4v)*, *tan (4v)*, *dan (1v)*, *son (1v)*, *fun (1v)*... Coa grafía *hum* relaciónase *numha (144)*, único exemplo do feminino; son solucións que Pintos só emprega nas composicións dos primeiros anos, e ambas remiten aos usos de Sarmiento no seu *Coloquio*¹³.

En resumo, na composición apréciase unha manifesta vacilación en varios aspectos gráficos sobre os que JMP non tiña aínda un criterio seguro e firme, como o que en boa medida mostra en escritos de anos posteriores: no uso dos acentos, particularmente no do circunflexo (*côr* e *dor*, *bô* e *bon*, *ô* e *o*), no uso do apóstrofo (*d'o* e *do*, *n'este* e *nestes*), na grafía do verbo *é* (*ê*, *è*, *he*) e na da contracción de *a + o* (*ao*, *ó* e *ò*), no uso de <x> en *xa*, *axiña*, pero <g> en *gemidos*, no emprego da grafía -m en alternancia con -n (*bom* e *bon*; *hum* e *un*)... Todo indica que é un texto feito de corrido, non elaborado, pero tamén que asistimos aos primeiros pasos da escrita en galego de Pintos; este texto é o de datación máis antiga que hoxe lle coñecemos, pero debeu ser tamén dos primeiros que escribiu.

6. NOTAS LINGÜÍSTICAS SOBRE O LÉXICO

Á parte do relacionado coa grafía, no texto apréciase tamén algunha que outra vacilación lingüística. No verso 30 lemos *De côr branco e preto*, forma que pasa a ser fem. no v. 107: *a côr*, e que máis adiante é *color bermello* 118. Agora ben, esta variación non é

13 Pode verse en Mariño (1995) unha ampla descrición das características do galego de Sarmiento.

particular desta composición, senón que segue aparecendo nos textos posteriores de Pintos. Tamén alterna *desexo* (a *desexo* 56) con *deseo* 140, mais esta última queda logo abandonada por Pintos en favor de *desejo*.

Ademais das características gráficas xa indicadas, e doutros aspectos, Pintos toma de Sarmiento algunhas das palabras que chaman a atención no texto¹⁴. Esta expresión mencionada, *a desexo* (*Xantei a desexo* 56), que Pintos empregará noutras ocasións, remite á mesma locución que usa Sarmiento ata 6 veces no seu *Coloquio*, sen correspondencia nos demais escritores do XIX¹⁵. O verbo *pregar* (*prego* 2) úsao Sarmiento 3v no *Coloquio*; posteriormente documentámolo, segundo o *TILG*, 14v en Pintos, e ata 1900 só 18v máis, 14 delas en obras de Curros. A expresión *tomar cabuxo* (*Nin tome cabuxo* 5) remite a *teñas cabuxo* e *tomaba cabuxo* (coplas 202, 446 do *Coloquio*); no *TILG* vemos que *tomar cabuxo* aparece outras 2v en Pintos, pero só 2v máis ata 1900. Tamén a palabra *laoeiros* 18 atopa eco na copla 735 do *Coloquio*; ao longo do XIX vémolos reproducida outra vez na *Gaita* e posteriormente 5v máis (*TILG*). A forma *prezo* 34 salta igualmente de Sarmiento (13v no *Coloquio*) a Pintos, que a emprega como forma única (13v máis); no resto do século documéntase só outra ducia de veces (*TILG*). No poema chama igualmente a atención o uso de *voltar* (baixo a forma *voltei* 48), que tamén podemos ler como *volten* na copla 20 do *Coloquio* de Sarmiento. A palabra *preto*, co significado ‘negro’ que aquí presenta (*côr branco e preto* 30), só a volvemos atopar en Pintos no texto de 1843 “Dándome cuenta Faustino Domínguez...”, se ben na *Gaita* (p. 69) aparece como exemplo do contraste <e> aberto / pechado: *prèto* ‘cerca’ / *préto* ‘prieto’; este significado de ‘(case) negro’, infrecuente tamén nos máis escritores do XIX, aparece ben representado no *Coloquio* de Sarmiento, quen poida que estea detrás do presente uso de Pintos¹⁶. Hai outras palabras características de Sarmiento que Pintos emprega neste texto e mais en escritos posteriores, como *arreo* 20, *âr* 62, *mixiriqueiros* 130, pero son voces menos exclusivas destes autores, con maior presenza ao longo do XIX¹⁷.

Na composición hai outros aspectos lingüísticos de interese, en parte vencellados tamén a Sarmiento. Algúns son exclusivos deste texto, outros aparecen en composicións

14 Pintos non só coñecía o *Coloquio*, e o seu *Comento*, senón que foi o primeiro que editou aquel (*Recopilación* 1859), seguindo unha copia do orixinal feita entre 1827-1831 e conservada hoxe no Museo de Pontevedra (vid. Xove 1997 e Montevedra 2002b). Entre o autógráfico e o apógráfico, e a súa edición por Pintos, hai algunhas diferenzas; as nosas referencias fanse segundo o orixinal (*Coloquio*). Cómpre advertir que a numeración do *Coloquio*, que seguimos, non coincide coa das edicións de Pensado (*Colección*) e Mariño (1995) a partir da copla 234; hai que sumar sempre unha máis naquelas edicións. Isto débese a que a partir da segunda páxina das coplas, o *Coloquio* contén sempre 20 coplas por páxina, en dúas columnas de 10 + 10, que Sarmiento vai enumerando no inicio e final da páxina (15-34; 35-54...). Pero na páxina correspondente ás coplas 215-234 inclúe en realidade 21 coplas (11 + 10), deixando fóra unha copla (é dicir, a copla 234 é en realidade a 235). Isto fai que ao final as 1.200 coplas que Sarmiento cre que escribiu (o seu *comento* para antes da copla 215 e non posibilitou que advertise o erro) sexan realmente as 1.201 que lemos nas edicións.

15 Ata 1916, nos rexistros do *TILG* só un exemplo desta locución non pertence a Sarmiento nin a Pintos. A propia forma *desexo* é inusual; entre 1800-1880 o *TILG* recóllela 12v en Pintos, e logo só 3v máis entre 1876-1880; o resto (55v) son *deseo(s)* ou *deseio(s)*.

16 No *Coloquio* o adverbio aparece ata 26v, e o adxectivo *preto(s)* 8v, mais Sarmiento escríbeos sen acento e non os diferencia graficamente. *Pretas*, con este significado e referido a *paredes*, aparece na composición “Cambados, 1836”, datada en Madrid en novembro de 1843; a pesar do título, os trazos lingüísticos que presenta o texto (*chao, mañá, ladrós, aló...*) non corresponden á área lingüística de Cambados, de modo que non pode deducirse que *pretas* ‘case negras’ fose forma recollida nesa zona por Pintos (*Papés* 2008: 471-488).

17 En calquera caso, *arreo* e *ar* parecen espallarse a partir de Sarmiento e Pintos. Segundo os datos do *TILG*, ata 1876 só aparece *arreo* en Sarmiento (14v), Pintos (28v), *Album de la Caridad* (3v) e O Tío Marcos (1v). En canto a *ar(es)*, localízase en Sarmiento (2v), Pintos (20v) e *Album de la Caridad* (7v). Agora ben, as ocorrencias do *Album* son sobre todo de Antonio de la Iglesia (*arreo* 3v; *ar(es)* 5v), se cadra a través de Pintos, ao que hai que sumar seu irmán Francisco (*ares* 1v) e José López de la Vega (*ar* 1v, en 1854).

posteriores de JMP. Sen pretensión de abordar un comentario completo, parécenos importante subliñar o uso dalgunhas palabras concretas. Desde o punto de vista do contacto do castelán interesa reparar en *pueblo* 22, *castellan* 6, *galegos* 8 e *solo* 131. A primeira palabra volve situarnos nos inicios da escrita en galego de Pintos, pois no adiante non volve empregar a palabra, que substitúe por *pobo* ou *povo* (2v cada unha na *Gaita*), tanto no sentido de ‘lugar’ coma no de ‘conxunto de persoas’, ou mesmo pola forma falsa *pobolo* (1v na *Gaita*, pero logo aínda a emprega outras dúas veces). Tamén *castellan* é uso único de JMP, con galeguización parcial só no sufixo *-an*, coincidente cos *chan* 31, 87 propios do súa Pontevedra natal; en textos posteriores lemos unha vez a galeguización parcial inversa *castelanos* (1861) e varias veces a forma *castellano(s)*. É probable que *castellan* veña tamén de Sarmiento, que no *Coloquio* escribe *castellans* (copla 44) e *castellan* (copla 865). Á vista do seu uso posterior en favor sempre de *gallego/a(s)* (máis de 50v), estraña que neste texto opte por *galegos*; seguramente hai que ligalo outra volta á forte pegada inicial de Sarmiento, que no *Coloquio* emprega sempre *galego(s)* (31v). Escolla diferente á xeral de Sarmiento é, pola contra, *solo* 131, que no *Coloquio* só aparece 1v, por 23v *só*. Pintos, ao longo dos anos, vai bambeándose entre *só* e *solo*, cun lixeiro predominio desta segunda opción.

Hai outras palabras no texto, máis desprendidas da cobertura de Sarmiento, que presentan certo interese, ben por seren características de JMP, ben por apareceren só nesta ocasión. *De cote* 52 é locución de que Pintos bota man con frecuencia e que, pola contra, non emprega Sarmiento; é forma familiar para JMP, pois, segundo as informacións do ALGa (1995: II 337), o uso de *decote* concéntrase territorialmente na metade sur da provincia da Coruña e na provincia de Pontevedra. *Batear* 132 é igualmente forma típica de Pintos; segundo o TILG, emprega este verbo ata 5v, por só 1v *bautizar*; ata 1900 o TILG só rexistra *batear* un par de veces máis, fronte ao uso dominante de *bautizar* (73v). Fronte á forma máis xeral *agarimar*, da que tamén se serve Pintos, *garimar* (no texto *garimada* 60) é variante exclusiva súa; na *Gaita* aparecen 2v cada unha das variantes, pero no seu dicionario só dá entrada a *garimar* (DD s.v. *garimar*). Tamén *estricarse* (s’*estrican* 103) é verbo con certo uso por parte de JMP, aínda que neste caso conta con representación anterior no *Coloquio* (*extricada* copla 766). O oposto de *estricarse* é, no poema, *se escrequenan* (*Com’elas s’estrican, / Cómo se escrequenan* 103-4), mais é un verbo con presenza case nula, non documentado posteriormente en Pintos, e que no TILG só conta con 3 ocorrencias ata 1900¹⁸. É tamén de interese o uso de *carta feira* por ser igualmente a única vez que lle documentamos a forma; no seu dicionario dá entrada só a esta variante formada sobre *carta*, non sobre *corta* (DD, s.v.)¹⁹. *Nado* 143, polo contrario, é

18 Pintos dá como significado de *estricarse* ‘estirarse, desperezarse’ e de *escrequenarse* ‘ponerse en cuchillas’ (DD s.v. correspondentes).

19 Das dúas variantes, o ALGa (2003: mapa 141) rexistra o dominio absoluto de *corta feira* sobre *carta feira*; na provincia de Pontevedra, onde é xeral *corta feira*, só recolle *carta feira* nun par de puntos do recanto nordeste. Hai tamén información sobre os días da semana en García (1980), pero non sobre o reparto *corta / carta*. Fronte ao ALGa hai que situar os datos que nos ofrecen os textos recollidos en Papés, en que *carta feira* é forma dominante na comarca compostelá, pois das 5v que se rexistra no volume, 4v pertencen a diálogos que van de 1813 a 1836 (*Bértolo e Mingote, Quitana, Picaños e Cacheiras*; o outro exemplo é das *Proezas*); a variante *cortafeira* só aparece unha vez, nun diálogo compostelá de 1813 (*Adro*). É difícil saber se a preferencia de Pintos se debe a unha opción entre dúas variantes (*corta feira* e *carta feira*) que tiña de seu, ou se coñeceu a forma *carta feira* nos seus anos de residencia en Santiago de Compostela e a preferiu á *corta feira* que lle tiña que ser familiar.

forma querida de Pintos, que a emprega no tripo de ocasións ca *nacido* (polo demais, non son posibilidades enteiramente libres); no *Coloquio* lese tamén unha vez (*nados* copla 74).

7. CONTIDO DO TEXTO

O texto adopta a forma dunha carta escrita en verso por JMP desde Cambados (Pontevedra) para darlle conta a seu pai do feliz nacemento do seu fillo ás doce da noite do mércores 17 de novembro de 1842²⁰, e tamén para anunciarlle que será bateado como Basilio, o nome do avó. En efecto, Pintos desempeñaba nese ano o cargo de xuíz de Primeira instancia de Cambados, cargo ao que alude no texto que nos ocupa. Érao desde 1840, tralo pronunciamento progresista do 11 de setembro dese ano contra a Rexencia de M^a Cristina, en que foi nomeado xuíz interino pola Xunta de Goberno de Pontevedra, e confirmado logo en propiedade pola Rexencia de Espartero. No cargo durou o tempo que mantiveron o goberno os progresistas, pois foi cesado en xullo de 1844 coa chegada ao poder dos moderados. Desde 1841 estaba casado con Serafina Amado BULLOSA e tiñan xa unha filla, mencionada tamén no texto, de modo que Basilio Pintos Amado veu a ser o seu segundo fillo e primeiro varón²¹.

O texto comeza pedíndolle ao pai que non se incomode por escribirlle en galego, no que pode expresarse clara e totalmente (vv 1-12). A continuación cóntalle como foi transcorrendo o día ata o nacemento do fillo. A data que nos dá JMP para este día é a de *carta feira, 17 de novembro de 1842*, pero a información do calendario daquel ano dinos que o día 17 de novembro era xoves (*quinta feira*), non mércores (*carta feira*). O problema xorde no inicio, vv. 14-24 (“neste día mesmo, / día dezasete / do mes de Novembro, / [...] eu fun ó mercado / que se fai arreo / todas as semanas / no viciño puebo / que de Fefiñáns / ten o nome vello”), pois asígnalle o día 17 ao mercado semanal de Fefiñáns, pero este tiña lugar os mércores, de modo que o día que relata só podía ser o 16. A explicación máis doada é que Pintos confunda o día en que escribe, o seguinte ao do nacemento, co día 16, mércores, en que realmente naceu o fillo. Pintos esténdese en enumerar como no mercado de Fefiñáns, que non iguala ao de Pontevedra, se vende de todo (vv 13-46). Conta, a continuación, como foi debullando o día co seu traballo de xuíz, o xantar cos seus, o paseo da tarde, a cea (vv 47-80). Pola media noite comeza o parto; o esforzo e dor que causa ás mulleres dálle pé para demorarse en manifestar o grande mérito que teñen as nais e o moito que lles debemos ás nosas mulleres (vv 81-110). Segue informando ao pai como ás doce da noite Serafina deu felizmente á luz un neno ben formado que levará o nome de Basilio, coma o avó, e despídese desde Cambados, nesa carta feira de 1842.

²⁰ No parágrafo seguinte abordamos o problema de ser mércores e 17 de novembro de 1842.

²¹ Pode verse información sobre a vida de Pintos en Millán González-Pardo (1975). Basilio Pintos Amado casaría andando o tempo con Carmen Fonseca García de Redondo, e deste matrimonio naceu Javier Pintos Fonseca, persoa de gran relevancia cultural na Pontevedra de finais do XIX e principios do XX.

8. SENTIDO E IMPORTANCIA

O presente é un texto de características singulares. Polo contido é unha comunicación estritamente familiar, en que un fillo dá ao pai a nova do nacemento dun seu neto. Mais esta dimensión de texto particular e persoal sobrepásase ao decidir o seu autor darlle expresión galega, algo que ía frontalmente en contra do uso da época (habería que engadir, e de moitas posteriores). A opción do galego levaba daquela de maneira case inevitable á do uso do verso, que facilitaba dalgún modo esta opción lingüística tan forte. Na escolla de Pintos son versos populares sen trazos literarios especialmente marcados, que non chocaban co carácter familiar da comunicación que transmitían. Agora ben, esta expresión galega en verso non quedaba necesariamente reducida ao ámbito do privado na intencionalidade de Pintos, pois conscientemente dá ao feito de redactar o comunicado en galego un forte carácter de reivinciación da lingua, ampliando deste modo o horizonte do texto cara a un potencial destinatario máis amplo có de só o pai. Vexamos.

Á vista do inusitado de dirixirse ao pai en galego, rógalle que non se incomode. Entendemos que JMP se refire só á expresión escrita, e que era habitual que se comunicasen oralmente entre deles en galego. Cremos que así o pon de manifesto o que escribe máis de 30 anos despois: “Nosotros vemos que por toda Galicia se habla gallego, y sólo en las ciudades hablan castellano los empleados del Gobierno y los que están en continuo roce con ellos. Es cierto que en las escuelas se enseña el castellano: que las representaciones teatrales son en castellano: que los libros, escrituras, documentos, recibos, pleitos, causas etc. se redactan en castellano y, a pesar de todo, el común de Galicia habla gallego y no castellano” (Pintos Villar 2006: 532)²². A continuación de pedirlle que *non se asañe* dálle as razóns do seu abandono do castelán: “o castellán deixo / por falar na fala / dos nosos galegos”, xa que “nela podo, / sin poñer un erro, / espricar ben craro / tod’os meus conceutos” (vv. 6-12). É dicir, as razóns son porque é a *nosa* lingua e porque é tan boa coma calquera para poder expresarse cabalmente. Pintos fala para o pai, pero pensa en todos; o texto é así unha comunicación persoal privada que se abre potencialmente aos ollos de moitos: é isto o que explica que o texto se conservase e chegase ata nós da maneira o fixo, pasando dunha man a outra(s).

A partir desta situación o texto énchese de *peso* galego, que trascende a súa finalidade básica de comunicar o feliz acontecemento. Referímonos ao feito evidente de que o autor quere despreparar a lingua, facela visible e dotala de trazos de autenticidade, como exemplifican as descrições e enumeracións da vida do mercado de Fefiñáns e as escollas léxicas do autor.

A importancia do texto non hai que situala no terreo limitado da nosa historia literaria, senón no ámbito global da historia da recuperación social da lingua. Ao noso entender, a valoración cómpre facela desde o punto de vista sociolingüístico, polo que

²² A cita pertence á p. V do inicio da publicación interrompida da *Segunda setena da Gaita*, de 1874, texto pertencente aos fondos da familia de Isidoro Millán.

significa de emprego intencional do galego en campos máis amplos cós estritamente literarios (comunicación persoal entre pai e fillo). Non é un texto utilitario, coma os de propaganda política dos decenios do século anteriores a este ano de 1842, senón de afirmación da propia lingua, para reivindicar o seu uso nun ámbito do que estaba excluída por razóns externas á propia valía do galego²³. Neste sentido, cremos que non esaxeramos a importancia do texto se afirmamos que no contexto histórico do Primeiro Rexurdimento non hai nada que se lle poida aproximar sequera minimamente.

9. PINTOS, SARMIENTO E OS INICIOS DO REXURDIMENTO

Interpretado desta maneira, este texto inaugura e anuncia o que logo sería o seu traballo posterior de cultivo e defensa do galego, visible particularmente na *Gaita*. De feito, a segunda composición que lle coñecemos, duns meses máis tarde (13/3/1843), é en certo modo deste mesmo tipo, pois é un poema escrito para felicitar a Faustino Domínguez polo seu casamento con Luísa Coumes Gai (Xove 1999). Pero se a finalidade é tamén unha comunicación particular, o ton festivo e aberto do poema está por fóra do ámbito persoal que é propio deste primeiro texto de 1842.

Desde Carballo Calero (1963) é habitual denominar o grupo de escritores galegos que inician o noso renacer literario polos anos 40 do XIX como *precursores*, no sentido de Carballo como “precursores de Rosalía” (1975: 63-125), por máis que Murguía, o introdutor do termo, inclúa entre os *precursores* á propia Rosalía e a Pondal (para Carballo, persoeiros do “renacemento pleno”). É evidente a diferenza de importancia e calidade literarias entre Pintos, Añón, Camino, e Rosalía, Pondal, Curros, pero isto non xustifica a denominación de *precursores* para os que son os verdadeiros iniciadores do rexurdimento. Se a categorización se fai desde un punto de vista literario e sociolingüístico, o termo de “precursores” é pouco afortunado, pois son *xa* o “rexurdimento”, se se quere o “primeiro rexurdimento”, que coincide na categorización política co denominado “provincialismo”. “Provincialismo” e “(primeiro) rexurdimento” non se poden separar, son caras dun mesmo movemento de reivindicación de Galicia, do galego. Mais se ben o “provincialismo” atopa unha das súas expresións máis nidias no inicio do uso do galego, particularmente no cultivo literario da poesía, o certo é que moitos provincialistas, sobre todo entre os da primeira xeración do 46 en que se encadra Pintos como dos máis vellos, refugaron usar o galego nas súas composicións. Desde o punto de vista da historia da lingua, da historia da recuperación do noso sinal de identidade máis forte, é importante examinar, polo tanto, en que momento comezan a empregar o galego estes primeiros escritores, en que medida o empregan, cales son as razóns que os moven a usalo, como se posicionan ante el...

No caso de JMP é indudable que o desencadeante é o coñecemento da obra de Sarmiento, que era máis coñecido (sempre parcialmente, tamén hoxe) do que deixan supo-

23 Pode aplicarse a este texto o “carácter probatorio” que Monteagudo (2002a: 33) atribúe ao *Coloquio*, pero sobre todo no sentido de ‘demostración’, e ampliada ao ámbito de uso.

ñer as obras editadas ou opinións coma as de Pensado, o grande especialista e editor de Sarmiento, que entendía que Galicia “se interesó más en adorarlo que en darlo a coñecer”²⁴.

Xa mencionamos a forte pegada das graffias e do vocabulario do *Coloquio* neste texto, que Pintos coñecía ben. A propia forma con que se viste o texto é similar á do *Coloquio*, é dicir, versos hexasílabos con rima asoante en *-e-o* nos pares²⁵. É de resaltar que tamén Pintos segue a Sarmiento na falta de respecto á abertura da vogal anterior media, a pesar da consciencia de ambos desta diferenza fonolóxica. En ambos pode rimar <e> aberto con <e> pechado, incluídos ditongos decedentes, como por exemplo *erro / conceutos, Novembro / lacoeiros, centeo / vellos...* Por outro lado, a descrición que fai JMP nos vv. 13-46 do mercado de Fefiñáns é remedo claro da que fai Sarmiento no *Coloquio* do mercado dos sábados de Pontevedra, con calco de palabras e expresións (coplas 26-36).

Volvemos atopar neste primeiro texto de Pintos, como xa indicamos en relación co autor noutras ocasións²⁶, unha clara influencia de Sarmiento. Pero o que nos parece máis importante é que a mesma existencia do texto, con todo o que implica de reivindicación de espazos para o galego, se debe tamén ao frade bieito. En Sarmiento atopa Pintos impulso e argumentos no só para cultivar o galego, senón para defendelo e reivindicalo. O uso e defensa do galego iniciado por Sarmiento empata así con Pintos, mesmo en escollas lingüísticas, que desde este pasaron en parte a outros escritores.

24 Citado en Hermida (1992: 80). Sobre o influxo de Sarmiento nos escritores galegos do XIX pode verse a mencionada obra de Hermida (1992: 80-82) e, de maneira máis ampla, Axeitos (2002). A importancia de Sarmiento como “influxo” na valoración do galego, con independencia do seu maior ou menor coñecemento, opera xa desde os inicios do Provincialismo. Pintos e o propio Eugenio Reguera son boa proba disto, a pesar da sorpresa de Pensado ao ver citados por Reguera textos inéditos de Sarmiento (*Traducción* 1995: 8). No vocabulario de Reguera lense graffias do tipo *hum, hum-ha* que remiten directamente a Sarmiento ou ao primeiro Pintos (*Traducción* 1995: 8).

25 O *Coloquio* é un conxunto de coplas (1.201 en total) recoñecidas por Sarmiento como do tipo “Perico e Marica”, e con estilo intencionalmente “pueril”, por canto reproducían sobre todo diálogos de rapaces. O texto de Pintos, que non concorda con esta forma de “diálogo pueril” propio do de Sarmiento, non está organizado de maneira claramente marcada no que serían 37 coplas.

26 Pode verse un tratamento xeral da influencia de Sarmiento sobre Pintos en Xove (1997); en relación co seguinte texto que coñecemos de Pintos, vid. Xove (1999), e en relación co léxico, vid. Álvarez / Xove (2000).

BIBLIOGRAFÍA

- ALGa = García, Constantino / Antón Santamarina (drs.) (1995/2003): *Atlas Lingüístico Galego*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega, vol. II e IV.
- Álvarez Blanco, Rosario e Xosé Xove (2000): "Contribución ó estudio do léxico de J.M. Pintos", en José Luís Rodríguez (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. [Santiago de Compostela]: Parlamento de Galicia: Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, v. 1, 369-409.
- Álvarez Blanco, Rosario e Xosé Xove (2004): "Un testamento do galo de 1786", en Teresa Amado Rodríguez *et aliae* (eds.): *Iucundi acti labores. Estudos en homenaxe a Dulce Estefanía Álvarez*. Santiago de Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 501-525.
- Axeitos, X. L. (2002): "A recepción da obra do Padre Sarmiento en Galicia", en *Congreso sobre Frei Martín Sarmiento. Actas das xornadas celebradas en Pontevedra os días 23, 24 e 25 de maio de 2002*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 253-265.
- Blanco, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia 1745-1885*. Recopilación, estudio e edición crítica. 2 vols. Vigo: Xerais.
- Carballo Calero, R. (1963/1975): *Historia da literatura galega contemporánea*, vol. I. Segunda edición, completa, en 1975. Vigo: Galaxia.
- Colección*: Sarmiento, Fr. Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J.L. Pensado. Salamanca: Universidad de Salamanca, Secretariado de Publicaciones e Intercambio Científico.
- Coloquio*: Sarmiento, Fr. Martín (2002): *Coloquio en mil duascenas coplas gallegas*. Edición facsímil do orixinal autógrafa. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Couceiro Freijomil, A. (1954): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, vol. 3. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- Crespo Pozo, Fr. José-Santiago (1956): "El linaje de Malvar", *Museo de Pontevedra*, 10, 159-162.
- Crespo Pozo, Fr. José-Santiago (1982/1983): *Blasones y linajes de Galicia*. 5 vols. Bilbao: La Gran Enciclopedia Vasca.
- DD = Santamarina, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. Versión 3. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- Gaita*: [Pintos, J. M.] (1853): *A gaita gallega tocada po lo gaitero*. Pontevedra: Imp. de José y Primitivo Vilas.
- García, Constantino (1980): "Los días de la semana en gallego (Problema de interferencias)", *Verba*, 7, 29-39.
- García Barros, Jorge (1970): *Medio siglo de vida coruñesa: 1834-1886 (del Miriñaque al Tren Veloz)*. A Coruña: Grafinsa.
- Henríquez Ossorio, Juan, Eugenio Reguera Pardiñas e Alberto Campero (2000): *Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia*. Edición de Clodio González Pérez. Noia: Toxosoutos.
- Hermida, Carme (1992): *Os precursores da normalización*. Vigo: Xerais.
- Mariño Paz, R. (1995): "Estudio lingüístico", en Fr. Martín Sarmiento: *Coloquio de vinteatro gallegos rústicos*. Edición crítica e estudio introductorio de Ramón Mariño Paz. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega, 20-102.
- Millán González-Pardo, I. (1975): "Presentación" e "Fitos cronolóxicos", en Xoán Manuel Pintos Villar: *Retallos de poesía e prosa*. A Cruña: Publicacións da Real Academia Gallega, 9-13 e 17-21.
- Monteagudo, Henrique (2002a): "O Coloquio en mil duascenas coplas gallegas e o seu Comento: notas para unha revisión", en *Congreso sobre Frei Martín Sarmiento. Actas das xornadas celebradas en Pontevedra os días 23, 24 e 25 de maio de 2002*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 11-34.
- Monteagudo, Henrique (2002b): "Tradición manuscrita e divulgación impresa do Coloquio en coplas gallegas. Consideracións á luz do autógrafa orixinal", *Boletín da Real Academia Galega*, 363, 95-122.
- Papés* (2008): *Papés d'emprenta condenada: a escrita galega entre 1797 e 1846*. Tomo I. Edición de textos, fichas introdutorias e notas de Ramón Mariño Paz; notas histórico-biográficas de X. R. Barreiro Fernández; coordinadora da edición, Rosa Aneiros Díaz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura.
- Pintos Villar, Xoán Manuel (2006): *Obra poética dispersa de Xoán Manuel Pintos Villar*. Introducción, edición, notas e apéndice de M.^a C. Ríos Panisse. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Recopilación* (1859): *Recopilación de muchas palabras, voces y frases de la lengua gallega hecha por el Imo. Padre Fr. Martín Sarmiento, Honor y gloria de Pontevedra, su patria. Lo da a luz D. Juan M. Pintos*. Pontevedra: Imp. de D. José Vilas.

TILG = Santamarina, Antón (dir.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Imaxin (<http://www.ti.usc.es/TILG/>).

Traducción (1995): *Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura, al castellano (1840-1858)*. Edición e estudio de X. L. Pensado. Anexo 2 de *Cadernos de lingua*. Real Academia Galega: A Coruña.

Xove, Xosé (1997): “Uso e defensa do galego: Fr. Martín Sarmiento en Juan Manuel Pintos”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo: Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Univ. de Santiago de Compostela, t. II, 155-167.

Xove, Xosé (1999): “O primeiro texto galego coñecido de Juan Manuel Pintos”, en X. L. Couceiro *et alii* (eds.): *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*, t. II: *Literaturas específicas*. Santiago de Compostela: Univ. de Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 731-740.

| | |
|--|--|
| <p> Porque me doían Grandas que ben quero. Puxéronme ó traballo Que de cota teña De oír yreiteantes E fallar os preitos. Po-la tas da tarde Pantis á desexo C'ó á miña muller Aurora, e a nena Que estaba a máis Ganimada as yeste Arque con traballo No ár en suspensio Porque tina agraño O rogaro cheo. Na me daba o corpo Algun gran neceso Vendo tan inchado Corpo tan pequeno. Con todo sahin A dar un paseo Voltendo á tardina Con algun récao. Todo estaba aínda </p> | <p> Como ditó deixo Sin que senafina Dese rinal ceato. Foi pasando anoite, Ceamos contentos, Jumo a dormire Cada hum ao seu lado, Na citaba eu de volta No sono grandendo, Cand'ela me chama Vexas tras de vexas: Nunca Dios me deva Que chegache a tempo! Como os yes no chand, O, demais desfeito, Todo se prepara Para aquel conceito, Que escribir non barta, E é preciso veta Para calcular O qu'á máis abemos; E máis aínda máis, Para que este vendo As noas mulleres Subamos de paezo </p> |
|--|--|

Meu querido Gai
 Non i' arañe prego
 l' esta carta escribo
 Porta neste versob:
 Hin tome caburo
 l' o castellan ceiro
 Por falar na fala
 Dos noios galegos,
 Qu'inda nela goza
 Sin poren un ceiro
 Españar ben ceiro
 Tod' os meis concertos
 Pois Señor vana;
 N' este dia mesmo
 Dia de craxate
 Do mes de novembro
 Mei de S. Martiño,
 Mei de lasoeiros,
 In fin o mesado
 Que se fai anes
 Todas as semanas
 No vesimo quillo
 Que de S. Fimian
 Tem o nome vello

Ah' venden unillo
 Frigo i' mancentas
 Tabas e castañas
 Roupa e tapos vellas;
 Famen venden touros
 De cor branco e preto,
 Hai tenras de chan
 E tamen cubiats
 Con couros de sus
 Todos a bon prezo.
 Hai founa de paco,
 Porco, e deorceiros,
 Lino, pan e cascado,
 Laxos, e gratiños,
 Mais non he mello
 Nin he tan bo ceiro,
 Como a que se fai
 Na Candeira de Penas
 Os sabados dos
 Que da guta vella
 Ah' dei tres voltas
 Como de secas
 Trina i' ceiros
 Voltis para o cido,

16

Que, é muito trabalho Brincarolle or alto
 E dor miú doce E varias regiões
 Botar a este mundo Meçione a mar
 Num minino inteiro. Eu non podo menos
 Con' elas s'etruan, Dizeis dis gacials
 Como se escreguenand Por tan bon sucesso
 Como dan gemidos D'agui a poucos dias
 Choros e lamentos, Que se exguera creio
 Como a Cor do rosto Pois non é de casta
 Toda van perdendo De miperiqueiros.
 E aque boiado Solo falta agora
 Qu' a calquer pon medo. Batear o nevo,
 As doa da noite E levara o nome
 D'este dia mesmo Dó avô paterno
 Minha Sesafina Para qu' o Pai quida
 Em ben posto tempo Dem porto no medio
 Boton a este mundo D'estes dois Baulios
 Num rapar benfeito, Que son seu recado,
 Todo feito luma Nada mais lla digo
 De color bermello. Saude desco.
 Ancha testa e cheia E que muito anos
 A yapada o mesmo, Vexa este seu neto

